



# CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P - 2701000 H - R. E. L. 01270109

## CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA: "INSTALACIÓN PARA PROMOCIÓN DA FEIRA DE CASTRO DE REI".

En Castro de Rei, a 6 de outubro de 2017.

### REUNIDOS:

Duhna parte, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo), con DNI 33.327.642-K, en virtude da sesión constitutiva do Pleno de 13 de xuño de 2015, no exercicio do seu cargo, facultado xenéricamente para este acto polo artigo 41:12 do RD 2568/86, de 28 de novembro, e expresamente por Decreto de Alcaldía 54/2016, de 7 de marzo (publicado en B.O.P. nº 79, de 7 de abril de 2016)

E de outra, D. Leonardo Miguélez Sueiro, con DNI 33.172.591-J, en nome e en representación da entidade Construcciones Leonardo Miguélez S.L., con CIF B-15289614, domiciliada en Santa María, s/n, Melide (A Coruña), e a efectos de notificacións relativas a este contrato no citado enderezo segundo tén acreditado no expediente de contratación.

Ambas partes recoñécense competencia e capacidade para outorgar o presente contrato, e na súa virtude

### MANIFESTAN:

I. Que o Concello de Castro de Rei, mediante Providencia de Alcaldía de 23 de agosto de 2017, inicia expediente para a contratación da obra Instalación para promoción da Feira de Castro de Rei, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente segundo o prego rector da contratación.

II. Que en data 25 de agosto de 2017, a Alcaldía por Decreto nº 386, acordou a licitación mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, aprobando o expediente de contratación, o compromiso de gasto por importe total de sesenta un mil setenta e sete euros con trece céntimos (61.077,13 euros), e os pregos de cláusulas administrativas particulares.

III. Que en data 5 de setembro de 2017 a Alcaldía por Decreto nº 401, acorda requirir de novo ás empresas (García Chorente S.L.U, Madeiras Besteiro S.L. e Construcciones Leonardo Miguélez S.L.) que foran invitadas previamente cos números de saída 1145,1146 e 1147, de data 25 de agosto de 2017, respectivamente. As segundas invitacións tiveron saída con data 06/09/17, cos nº 1178, 1179 e 1180, respectivamente ás empresas Madeiras Besteiro S.L., García Chorente S.L.U e Construcciones Leonardo Miguélez S.L.

IV. Que en data 19 de setembro de 2017, trala presentación das empresas invitadas, celebrouse a apertura dos sobres A relativos á documentación administrativa, sendo requeridas vía fax tal e como consta no expediente ás tres empresas para subsanación de documentación.

V. Que en data 25 de setembro de 2017, procédese á apertura dos sobres B relativos á oferta económica e documentación, sendo asinada o día 26 de setembro de 2017, previamente as empresas Construcciones García Chorente S.L. e Construcciones Leonardo Miguélez S.L. subsanaron a documentación requerida mentres que a empresa Madeiras Besteiro S.L., non presentou a documentación requerida. Nesta acta o alcalde acorda proceder a unha nova rolda negociadora para

que as dúas empresas melloren ou ratifiquen as súas ofertas iniciais dos sobres B relativos ás ofertas económicas e documentación.

VI. Que en data 29 de setembro de 2017, a Alcaldía en Decreto nº 459, acordou, aceptar e propoñer á empresa Construcciones Leonardo Miguélez S.L., como licitador coa proposición máis ventaxosa para os intereses municipais.

VII. Que en data 6 de outubro de 2017, a Alcaldía en Decreto nº 474, acordou a adxudicación do contrato en favor da oferta presentada por Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., por importe total de cincuenta e nove mil catrocentos noventa e dous euros con trece céntimos, (59.492,13€) con cargo á aplicación presupuestaria do orzamento 2017.

VIII. Presentada a documentación requerida á empresa, os días 3 de outubro de 2017 e 5 de outubro de 2017, cos números 2737 e 2789 respectivamente relativa á constitución da fianza definitiva mediante aval bancario emitido pola entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., co nº 560-370- 3.405-8, por importe do 5% do prezo do contrato, excluído o IVE, que representa a cantidade de dous mil catrocentos cincuenta e oito euros con trinta e cinco céntimos (2.458,35€), aínda que a empresa presenta aval por importe de dous mil cincocentos vinte tres euros con oitenta e cinco céntimos, (2.523,85€), e acreditado o cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, coa Administración Autónoma de Galicia, co Concello de Castro de Rei) e de seguridade social, así como de alta no Imposto de actividades económicas, e de dispoñer dos medios comprometidos para a execución do contrato, polo que procede formalizar o contrato dacordo coas seguintes

#### **ESTIPULACIÓNS:**

##### **Primeira. OBXETO.**

O Concello de Castro de Rei contrata con Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., a execución da obra de "Instalación para promoción da Feira de Castro de Rei", segundo os pregos rectores da contratación e a oferta presentada polo adxudicatario.

Esta obra está subvencionada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural mediante Resolución sobre concesión dunha subvención ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, convocatoria 2017-2018, submedida 19.2, aprobada pola Dirección Xeral de Agader de data 11/08/17.

##### **Segunda. PREZO.**

O prezo a satisfacer polo concello será de cento dezanove mil euros (59.492,13€), segundo a oferta presentada e nas condicións aceptadas polo adxudicatario. Sendo o valor estimado de coarenta e nove mil cento sesenta e sete euros con cinco céntimos (49.167,05€) máis dez mil trescentos vinte cinco euros con oito céntimos (10.325,08€) de IVE.

##### **Terceira. PAGOS.**

Os pagos efectuaranse conforme ao disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares, en concreto na cláusulas 19 e 20 do mesmo.

##### **Cuarta. DURACIÓN.**



## CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250  
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

O obxecto do contrato deberá ser realizado no prazo máximo sinalado na cláusula 6ª do prego de cláusulas administrativas. En caso de demora estarase ao disposto na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas particulares.

### **Quinta. SUBCONTRATACIÓN.**

O contratista non poderá subcontratar a execución da obra, dacordo coa cláusula 18 do citado prego.

### **Sexta. AUTORIZACIÓNS.**

Deberá o contratista cumprir coas condicións establecidas nas autorizacións sectoriais presentes no expediente de Cultura, e de Estradas da Xunta, estando pendente de resolver a autorización de Confederación Hidrográfica.

### **Sétima. GARANTÍA.**

O contrato manterá a súa vixencia ata a extinción do prazo de garantía fixado no prego de cláusulas administrativas particulares, que dacordo coa cláusula 24 do prego é de un ano contado dende a data de recepción das obras, sen que o adxudicatario ampliase este prazo de garantía dacordo coa oferta presentada.

### **Oitava. PREGOS.**

Do presente contrato formarán parte os Pliegos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescripciones Técnicas reguladoras da contratación, aos que o contratista manifesta a súa conformidade.

### **Novena. OBRIGAS DO CONTRATISTA.**

O contratista reitera que a Declaración de que as circunstancias e datos que constan no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma, presentada no sobre A relativa á documentación administrativa reflectidas no certificado correspondente non experimentaron variación, sen perxuízo da consulta que poida realizar o órgano de contratación ao Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, nos términos sinalados no artigo 146 do Texto refundido da lei de contratos do sector público.

Así mesmo o contratista presenta o compromiso de adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes, resultando estes compromisos parte integrante do contrato e tendo a condición de obrigas esenciais aos efectos do sinalado nas cláusulas 26 e 27 do prego de cláusulas administrativas da contratación.

### **Décima. SUMISIÓN.**

Ambas partes sométense expresamente á lexislación de contratos das Administracións Públicas, en vigor.



E en proba de conformidade, ambas partes asinan este documento, en duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento do contrato, do que eu a secretaria do concello dou fe.

O alcalde

O contratista

A secretaria

